

GALEGO

RABEXAR, RABEXAR

Número de xogadores/as:

Todos os que queiran xogar.

Material necesario:

Ningún.

Onde se xoga:

Nos patios, parques...

Como se xoga:

Primeiro hai que botar a sortes para saber quen pilla.

Utilizamos:

«Nun caixón hai catro gatos:

un, dous, tres e catro».

O neno/a, que lle tocou, tápase os ollos e ponse cara a parede, mentres canta, ou recita:

«Rabexar, rabexar
mentres o lobo vai mexar.

«Eu son o lobo que te hei de comer»

E o resto contesta:

«Eu son a vaca que te hei escornar, que te hei de topar».

Mentres os nenos/as escapan. Ao rematar a canción o neno/a que panda vainos pillar.

Normas:

-O neno/a que pilla non pode saír a pillar mentres non remata a canción.

-Os nenos/as que escapan non se poden agochar.

-Perde o primeiro/a que pillan.

O xogo remata cando están todos/as pillados.



Chloé, Hugo e Javier 4º de EP

Cantas partes ten o texto?

unha catro cinco tres

Emparella.

- | | | | |
|-------------|---|---|------------------|
| Na primeira | ● | ● | Lugar |
| Na segunda | ● | ● | Material |
| Na terceira | ● | ● | Número xogadores |
| Na cuarta | ● | ● | Normas |
| Na quinta | ● | ● | Como se xoga |

Que é certo?

- ☐ Só poden xogar cinco.
- ☐ Precísase un balón.
- ☐ Xógase na casa.
- ☐ O neno que panda ten que pillar aos outros.

Ordena o xogo.

Os outros nenos e nenas escapan.	Bótase a sortes para saber o neno/nena que pilla.	Ao rematar a canción o que panda vai pillar aos outros.	O que pilla tapa os ollos e ponse cara a parede e canta
----------------------------------	---	---	---

--	--	--	--

Contesta si ou non.

Perde o primeiro que pillan.

O que pilla comeza a pillar cando lle dá a gana.